



ANUNCIO

A Alcaldía con data 02-02-2024, ditou a Resolución 96/2024 que a continuación se transcribe:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA E LUGAR DAS PROBAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR AS VACANTES DE OFICIAL DE SEGUNDA DE ALBANEL PARA O CONCELLO DE VIMIANZO, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A (Expte. TEDEC: 2023/E001/000013)

ANTECEDENTES

1. Pola Resolución da Alcaldía núm. 1790/2023, do 21/12/2023, aprobáronse as bases do proceso selectivo que figura no encabezado.
2. Con data do 28/12/2023 publicáronse as bases no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.
3. Con data do 29/12/2023 publicouse o extracto da convocatoria no BOP núm. 247. O prazo de presentación de solicitudes foi de quince días naturais contados a partir do día seguinte á data de publicación desta convocatoria no BOP, polo que estivo aberto ata o 15 de xaneiro de 2024.
4. Nese período rexistráronse catro solicitudes e por Resolución de Alcaldía núm 78/2024 do 29/01/2024 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.
5. O anuncio coa lista foi publicado no taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo o 29/01/2024 e enviouse un SMS de aviso aos candidatos.
6. Con data do 31/01/2024 o candidato Pablo Canedo Gende, con DNI 79 340 867 K, presenta alegación con RE 202499900000158, e solicita se teña en conta a documentación que adxunta, referida á empresa [REDACTED]. Segundo consta no "Informe sobre alegacións á lista de persoas candidatas" datado no 01/02/2024, non se considera que a documentación presentanda por Pablo Canedo Gende xustifique a súa vinculación á actividade e subsane a causa de exclusión, xa que non incorpora documentación que permita



demostrar a súa experiencia como albanel (grupo de cotización 08) por un período mínimo de 12 meses e tampouco entrega acreditación de posuír un Certificado de Profesionalidade da familia Edificación e Obra Civil ou documentación oficial equivalente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A base segunda establece os requisitos que deben reunir as persoas aspirantes.

A base cuarta enumera a documentación que se debe presentar xunto coa solicitude.

A base quinta da instrucións sobre o procedemento da admisión de aspirantes.

A base sexta está dedicada ao tribunal cualificador.

O órgano competente para a aprobación das bases e a convocatoria e selección dos candidatos propostos polo Tribunal é a Alcaldía de acordo á atribución prevista no artigo 21.1.g) e 102.1 da LBRL.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista de persoas admitidas e excluídas:

1.Relación de persoas admitidas:

DNI	APELIDOS	NOME
***6556**	REGUEIRA LEMA	JOSÉ MANUEL

2.Relación de persoas excluídas:

DNI	APELIDOS	NOME
***4086**	CANEDO GENDE	PABLO
***9915**	INSUA RIVEIRO	LUIS
***3453**	PÉREZ TOJA	JOSÉ MARÍA

Causa da exclusión: Estes candidatos non acreditan cumprir co requisito específico de demostrar experiencia como albanel (grupo de cotización 08) por un período mínimo de 12 meses ou presentar acreditación de posuír un Certificado de Profesionalidade da familia Edificación e Obra Civil ou documentación oficial equivalente. A documentación presentada polo candidato Pablo Canedo Gende non subsana a súa causa de exclusión na lista provisional.



SEGUNDO.- Aprobar a composición do tribunal cualificador, segundo se indica a continuación:

Presidenta: María Nieves Lema Vilariño, funcionaria do Concello de Vimianzo

Suplente: Rosa María Varela Antelo, funcionaria do Concello de Vimianzo

Secretaria: Rosa María Sánchez Martínez, funcionaria do Concello de Vimianzo

Suplente: Manuel Vicente Antelo Santos, funcionario do Concello de Vimianzo

1º vocal: Evaristo Suárez Corzón, funcionario do Concello de Vimianzo

Suplente: Juan Carlos Santabaya Louzán, funcionario do Concello de Cee

2º Vogal: Lorena Cernadas Soto, funcionaria do Concello de Vimianzo

Suplente: José Ramón Esperante Otero, funcionario do Concello de Mazaricos

3º vogal: Bielca Ramos González, funcionaria do Concello de Vimianzo

Suplente: Emilio González Ramos, funcionario do Concello de Camariñas.

TERCEIRO.- Convocar ao tribunal para o 02/02/2024 ás 11:00 e establecer a data de realización das probas no día 05/02/2024, ás 9:00, na Casa do Concello.

[...]

Vimianzo, 2 de febreiro de 2024

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez